



Proposta de intervención sobre educación sexual nas escolas: Centros Quérote+

Proposal of intervention on sexual education in the schools

Millán Brea Castro

Universidade de Vigo. Xunta de Galicia

Resumen

A intervención no campo da sexualidade e afectividade coa mocidade, coas crianzas e coas súas familias, segue a ter diversas trabas, especialmente dentro da educación formal. Os centros educativos constitúen espazos de socialización fundamentais no desenvolvemento persoal de alumnos e alumnas, mais carece de espazos de crítica respecto ás mensaxes que reciben respecto dos mass media. Dende os Centros Quérote +, trabállase intervindo coa mocidade no centro educativo, fóra do mesmo, e coas familias. O asesoramento é fundamental á hora de resolver dúbidas, facilitar ferramentas e formular una actitude crítica ante as mensaxes sociais, procurando un aprendizaxe interactivo e participativo.

Palabras clave: Sexualidade, educación social, asesoramento de grupo, afectividade.

Abstract

Social intervention in the sexuality and affectivity field with young people. Intervention in the sexuality and affectivity field with children, youth and their families continues to have several obstacles, especially in formal education. The schools are an important space for socialise and for the personal development of the students but it lacks critical spaces in relation to the messages they receive regarding the mass media. Quérote + Centers works with young people at the school, outside the same, and with families. Advice is essential when it comes to solve problems, supply, tools and create a critical attitude to deal with social messages, looking forward interactive and participatory learning.

Keywords: Sexuality, social education, group counseling, affectivity

Os centros educativos constitúen espazos de socialización esenciais no desenvolvemento integral de alumnos e alumnas. O período escolar é unha das etapas máis significativas na vida das persoas, onde transcorren moitas das experiencias que repercuten directa e indirectamente na formación da personalidade. O centro escolar é testemuña e axente implicado na evolución e cambios que se producen no alumnado, non só na transición de etapas vitais (nenos/a, adolescente, adulto/a), senón da construción dunha identidade e personalidade propia.

A sexualidade é inherente ao ser humano e indisoluble do seu desenvolvemento persoal. Unha dimensión máis dos individuos nos procesos de socialización, vulnerables ás influencias do contexto. Nos encontros diarios entre iguais, desenvólvense

procesos comunicativos nos que participan directa e/ou indirectamente, criterios e significados creados a partir dun modelo social e cultural. Situarnos ante o macrosistema cultural, coñecendo as características e estruturas da cultura que forma parte da nosa realidade cotiá, fainos coñecedores/as do sistema de valores nos que nos movemos.

Neste contexto, establécense vínculos de referencia co grupo de iguais no que se comparten experiencias e momentos significativos no proceso da evolución persoal. Por isto, e máis concretamente ao referirnos ao centro de ensino, podemos establecer que é máis que un lugar onde adquirir unha serie de coñecementos prácticos e teóricos sobre materias e disciplinas académicas, senón que é un espazo de convivencia onde a persoa se forma a nivel integral.

Dende á Xunta de Galicia, e máis concretamente dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, valórase a intervención neste contexto a través dos Centros Quérote +, para poder traballar a educación sexual dende unha perspectiva sexolóxica, favorecendo o acceso á mocidade a recursos públicos de calidade.

Educación Sexual: Suma de axentes

A educación en valores e, a educación sexual será pois polo tanto, responsabilidade das familias, dos centros escolares e da sociedade en xeral. Nembargantes é un proceso que non pode ficar estático cos axentes sociais que interveñen directa e/ou indirectamente no proceso educativo dos mozos/as. Os centros educativos teñen un papel importante neste proceso, e establecen estratexias educativas que contribúen á formación e información do alumnado.

Desde os Centros Quérote+, de asesoramento e información da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, realízanse diversas intervencións específicas, deseñadas dende unha perspectiva técnica e científica polos/as profesionais de dito recurso.

No análise previo da realidade galega, unha das demandas que se detectou, especialmente na etapa da adolescencia, era a necesidade de gustar e gustarnos, aspecto moi ligado á sexualidade, e a vivencia do home ou da muller que se é, polo que se propuxo traballar neste eido co obxectivo de procurar que a mocidade vivenciase a súa sexualidade (Cruz, 2003), o seu corpo e

a súa imaxe de forma satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana (Burela-Casal, Fernández-Ríos e Carrasco, 1997).

Cando nos referimos ao termo Educación Sexual nos estamos a referir á educación en valores do sexual, é dicir, dos sexos, dos homes e das mulleres, fomentando as características, particularidades e posibilidades de cada un, como sexos, como valores sexuados. A educación sexual en ocasións se ve reducida a certas consignas hixienistas, morais ou médicas. A proposta desta intervención dirixida á mocidade vai na liña de ofertar unha educación sexual que se basee nas premisas de coñecerse como home ou muller (Sexo), aceptarse na propia vivencia (Sexualidade) e satisfacerse (Erótica).

De feito, unha vez sentadas estas bases, os Centros Quérote + establécense como referentes no asesoramento, tanto específico como continuado nesta materia en Galicia, cun servizo público anónimo e confidencial para todos/as os seus usuarios/as, que pretende promover programas innovadores, co fin de introducir temas nas crianzas como o autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, o traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

A suma de axentes, conséguese facilitando o acceso aos recursos e servizo para todas as persoas, promovendo novas vías de comunicación e acceso á información, como son a consultoría presencial ou telefónica, a virtual ou, a través da mensaxería instantánea en dispositivos móbiles.

Posta en marcha: Intervención nas aulas

O ámbito de intervención, fórmulase para os centros de educación secundaria distribuídos por todo o territorio galego, así como para as familias deses Centros ou de Primaria que soliciten información e asesoramento respecto da temática formulada. Nos referimos tanto aos centros definidos coma C.P.I. (Centro Público Integrado) ou I.E.S. (Instituto de Educación Secundaria): á mocidade comprendida entre os 13 e os 15 anos.

Dependendo de diversas variables (localización xeográfica, recursos da zona, características sociodemográficas e culturais, etc.) e das características particulares de cada grupo, as necesidades e demandas poden variar considerablemente, volvéndose indispensable a presenza de habilidades e estratexias dos/das técnicos/as para adaptarse ás diferentes situacións que puideran darse.

Na organización dos obradoiros, faise a distribución en 100 minutos, aproveitando dúas sesión de clase, para facilitar o desenvolvemento das actividades e deste modo auspiciar a produtividade e operatividade das sesións. Ao ser grupos reducidos, posibilitase un maior achegamento a cada unha das persoas que participan e unha maior dedicación ás cuestións específicas.

O desenvolvemento da intervención levase a cabo na propia aula. Para o deseño das actividades previas, analízanse con anterioridade as características xerais dos grupos, co fin de elaborar unha programación adaptada

ás necesidades e singularidades das persoas que participan nos obradoiros.

Os obxectivos deseñados e que se formulan dende esta intervención dentro da educación formal son:

a) Contribuír ao coñecemento, aceptación das funcionalidades satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana.

b) Promover a vivencia da sexualidade do xeito máis prazenteiro, responsable e satisfactorio posible.

Así mesmo, en cada unha das actividades, téñense coma obxectivos máis específicos: Impulsar a perspectiva da diversidade, conceptualizar nocións sexolóxicas básicas, promover habilidades na posible toma de decisión eróticas ou de parella, aportar coñecementos fisiolóxicos e de resposta sexual básicos ante posibles dificultades na erótica, favorecer a reflexión crítica e construtiva de rapaces e rapazas ante os mass media, e aportar ferramentas básicas de seguridade e pracer.

Os contidos estrutúranse en dous bloques temáticos, co fin de sistematizar o traballo das sesións e establecer unha secuenciación no desenvolvemento das actividades.

No primeiro bloque, trabállase a conceptualización de termos vinculados coa sexualidade e a afectividade: A sexualidade como o xeito que cada persoa ten de vivir o feito de ser sexuado (Castelo, 2005). É unha categoría subxectiva e non fai referencia exclusivamente a formulacións fisiolóxicas. A referencia máis clara da sexualidade son as vivencias, o que cada cal sente na súa intimidade. É o xeito propio de verse, sentirse e vivirse como ser sexuado, como un dos dous sexos e a súa orientación do desexo homosexual ou heterosexual. O terreo da sexualidade é o do peculiar, o terreo das sexualidades. Desde unha intervención educativa tratase de que cada persoa coñézase e acéptese como é e o que é (Adelina, 2009).

No segundo bloque, trabállanse como contidos específicos: as habilidades persoais, autoestima, resposta sexual humana prácticas conceptivas e aconceptivas e a percepción de risco nas prácticas eróticas (Branden, 1994).

En liñas xerais, a clave da intervención está na formulación da sexualidade entendida dende unha visión plural e diversa, na que existen múltiples manifestacións, expresións e maneiras de sentir (Alberte, 2001).

A implementación das actividades nas sesións nos centros de ensino, desenvólvese dende unha liña de traballo dinámica e interactiva. A forma de traballo pretende fuxir do modelo charla ou conferencia e avoga polo diálogo entre todos e todas, para que sexan eles e elas quenes expresen a súa visión, as súas inquedanzas, dúbidas, experiencias,... A formulación dos bloques ou contidos temáticos establece mediante técnicas expositivas por parte do/a profesional e dinámicas de traballo grupal cos rapaces/rapazas, co gallo de contribuír a unha sesión amena, interactiva e didáctica.

A/O profesional encargado do desenvolvemento da sesión, desempeña do mesmo xeito, unha función de coordinación, que propicia a participación activa e

dinámica do alumnado. Nas conversas que xurden habitualmente na clase, apórtase a información e o asesoramento precisos segundo a temática a tratar.

Dentro das dinámicas e ferramentas empregadas, formuláronse desde o comezo aquelas que por motivos da propia dinámica da clase, puidéranse desenvolver sen repercutir nas relacións entre iguais ou ben, con outras actividades: Traballos en pequenos grupos, exposicións orais e multimedia, visionado de curtas, ...

Respecto á avaliación, faise despois de cada sesión unha análise sobre a visión e valoración dos/as alumnos/as participantes no obradoiro. Para isto empréganse os instrumentos de recollida de información (cuestionario e observación directa) á finalización do obradoiro de 100 minutos.

En tódalas actividades, tamén de xeito activo, desenvólvense observacións directas avaliando: o nivel de participación, a adaptación e flexibilidade da programación ás características propias do grupo, o seguimento da programación, materiais,...

Finalmente, e tamén co profesorado, analízase brevemente o obradoiro, establecendo coma referente o Centro Quérote + á hora de posibles consultas o dúbidas que puideran xurdir nos días/meses posteriores.

Os Centros Quérote+: unha proposta consolidada

No ano 2016, chegaronse a facer máis de 1000 sesións en diversos centros espallados por toda a xeografía galega, cun número aproximado que supera os/as 15000 usuarios/as. Polo tanto, os centros educativos serviron de nexo entre a mocidade e, unha proposta de intervención educativa dende unha perspectiva sexolóxica, apoiada nun colectivo de profesionais moi diversos.

Cunha oferta totalmente asentada e con gran aceptación entre os/as usuarios/as, valorase a necesidade de manter esta intervención, pero con diversos matices. Por unha parte, sería precisa unha formación previa ao profesorado, que acaba sendo punto de referencia para a mocidade no seu paso polo Centro Educativo.

Por outro lado, os obradoiros requiren dunha continuidade temporal, non deberían limitarse a unha intervención, xa que non se pode resumir en 100 minutos unha proposta educativa de tales dimensións.

A educación sexual, ao igual que a sexualidade na persoa, forma parte dun proceso vital. As idades coas que deberíamos comezar a traballar, non teñen porque ser exclusivamente en 3º da ESO. De feito, entendemos como necesario intervir xa en idades temperás, como se fai coas escolas de familia, nas que a sexualidade trátase apoiándose nas etapas de crecemento perosal.

Polo tanto, trátase dunha interesante experiencia, cunha temática que no consegue asentarse como transversal, o que suxire unha revisión dende a Administración moito máis profunda.

Referencias

Adelina, O. (2009) Guía para la educación afectivo-sexual en la ESO “Ni ogros ni princesas”. Consejería de Salud y Servicios Sanitarios del Principado de Asturias.

Alberte, J. R. (2001). Atención á diversidade e habilidades sociais. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Branden, N. (1994). Como mejorar su autoestima. Barcelona: Altaya.

Burela-Casal, G., Fernández-Ríos L. e Carrasco, T.L. (1997). Psicología preventiva. Avances recientes. Avances recientes en técnicas y programas de prevención. Madrid: Pirámide.

Castelo, C. (2005). Sexualidad humana: una aproximación integral. Barcelona: Panamericana.

Cruz, C. (2003) “Educación de las Sexualidades. Los puntos de partida de la Educación Sexual”. Madrid. Cruz Roja Juventud.